



CINECIDADADE

CINECIDADADE

ciclo de cine do 6 ó 9 de outubro 2009

Organiza: Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

Lugar: Aula de Cultura de Caixa Galicia. Carrera do Conde nº 18. Santiago

Entrada gratuíta

organiza



colabora

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA



NEOR. S.A. EMPRESA CONSTRUCTORA



comité organizador: Carmen García González y Carmen Rey López
colaboradores: José Manuel Gallego Fernández y Luis Rey López
diseño gráfico: creación animal

cinecidade@coag.es/www.cinecidade.es

Volve *CineCidade*, o ciclo de cine que tenta facernos pensar sobre os espazos urbanos, lugares nos que se desenvolve a vida da metade da poboación mundial e os que non sempre lles prestamos a atención que merecen.

A presente edición, baixo o subtítulo de *Cidadás*, tenta mostrar como é a vida urbana dalgúñas mulleres en distintos países e continentes, baixo a influencia de diferentes réximes políticos e culturais. Con todo, non todas as películas que se presentan están protagonizadas por mulleres, nalgunhas delas estas viven historias paralelas á trama principal que a complementan e lle dan sentido.

A cidade, planificada ou non, é, desde as primeiras civilizacións, un espazo que foi inventado e construído polo ser humano. Este feito podería levarnos a pensar que se trata por tanto dun entorno creado a medida dos seus habitantes; con todo, este entorno non sempre ofrece as mesmas posibilidades aos que o habitan. Nosa intención é reflexionar sobre se o entorno urbano condiciona de forma distinta as persoas en función do sexo, país, período da historia ou condición social no que lles toca vivir e se isto facilita ou dificulta a súa actividade diaria, as súas relacións cos demais ou as súas posibilidades de emancipación.

Con estas premisas, a selección deste ano móstranos historias urbanas que sucederon ou están a suceder en cidades de Asia, América Latina, EEUU, Europa e África.

Xa nos contaredes,...

Carmen García González
Carmen Rey López
Comité Organizador de Cinecidade

programa

MARTES 6

20.00 h **Persépolis.** (Animación)
Marjane Satrapi e Vincent Paronnaud

22.00 h **En la ciudad de Sylvia.**
José Luis Guerín

MÉRCORES 7

20.00 h **L'extraordinaire destin de madame Brouette.**
Moussa Sene Absa

22.00 h **Lost in traslation.**
Sofia Coppola

XÓVES 8

21.00 h **Paraíso Travel.**
Simon Brand

VENRES 9

21.00 h **La ville est tranquille.**
Robert Guédiguian

*Todas as proxeccións son en V.O. subtitulada.



PERSÉPOLIS



EN LA CIUDAD DE SYLVIA



L'EXTRAORDINAIRE DESTIN DE MADAME BROUETTE



LOST IN TRASLATION



PARAÍSO TRAVEL



LA VILLE EST TRANQUILLE

PERSÉPOLIS

Francia/2007/95 min
Dirección: Marjane Satrapi e Vincent Paronnaud.
Animación

Narra a conmovedora historia autobiográfica dunha nena iraní en pleno fundamentalismo islámico, dende a revolución islámica ata os nosos días. Cando os fundamentalistas toman o poder forzando ás mulleres a levar velo e encarcerando a miles de persoas, Marjane descubre o punk, ABBA e a Iron Maiden mentres vive o terror da persecución do novo goberno e a guerra de Irán e Irak. Cando chega á mocidade a envían a Europa, onde por fin pode comparar outras culturas co fundamentalismo relixioso do que escapou. Eventualmente a protagonista adaptase ben á súa nova vida, pero non soporta a soidade e volta coa súa familia, aínda que iso signifique poñerse o velo e sentirse sometida a unha soidade tiránica...

L'EXTRAORDINAIRE DESTIN DE MADAME BROUETTE

Senegal, Canadá y Francia/2002/104 min
Dirección: Moussa Sene Absa
Reparto: Rokhaya Niang, Aboubacar Sadikh Bâ, Kadiatou Sy, Ndèye Sénéba Seck.

Orgullosa e independente, Mati, alcumada *Madame Brouette*, vive das súas vendas polas rúas do mercado. Divorciada, vive coa súa filla Ndèye e sa súa amiga Ndaxté, que tamén escapou dun marido violento. Soñan con abrir un pequeno restaurante que lles permita vivir con dignidade. Mati non quere saber nada dos homes, mais coñece a Naago, un policía local tan sedutor como gaioleiro, de quen, malia todo, vólvese namorar.

Un día, ó amencer, a veciñanza esperta co son de disparos. Naago sae malferido da casa de Mati e se desmorona no chan. ¿Que foi o que pasou?

PARAÍSO TRAVEL

EEUU e Colombia/2008/118 min
Dirección: Simon Brand
Reparto: John Leguizamo, Ana de la Reguera, Margarita Rosa de Francisco

La película baséase nunha novela homónima de Jorge Franco, publicada en 2002. Conta a historia de Reina, unha sedutora moza de Medellín, que busca desesperadamente viaxar ós Estados Unidos para alí lograr o soño americano. O seu noivo Marlon, un mozo de familia estable, quen se atopa locamente namorado dela, vese envolto nas súas maquinacións, o que lles leva a emprender un perigoso e ilegal viaxe desde Medellín ata a cidade de New York. Marlon e Reina conforman unha parella de emigrantes ilegais ós que o soño americano se lles converte nunha pesadela cando chegan a New York en busca dun futuro mellor.

EN LA CIUDAD DE SYLVIA

España/2007/90 min
Dirección: José Luis Guerín
Reparto: Pilar López de Ayala, Xavier Lafitte, Laurence Cordier

Verano. Un mozo estranxeiro pasea pola rúa observando e debuxando xestos e expresións captadas ó azar. Busca a unha muller que coñeceu anos atrás e cuxo recordo gravita sobre a cidade. Esta procura lle conduce a outra muller que lle conduce a outra... sempre baixo a invocación da ausente.

LOST IN TRASLATION

EEUU/2003/105 min
Dirección: Sofia Coppola
Reparto: Scarlett Johansson, Bill Murray, Giovanni Ribisi, Anna Faris, Akiko Takeshita

Bob Harris é un actor de mediana idade que se atopa en Tokio para realizar sesións fotográficas publicitarias. Está casado, pero o seu matrimonio entrou nunha fase de aburrimiento. Respecto á vida, Harris sintese melancólico. No hotel coñece a Charlotte, a moza esposa dun fotógrafo que está traballando durante uns días noutros lugares de Japón, de forma que ela atópase sola en Tokio. Charlotte sintese triste tamén. Entre Harris e Charlotte establécese unha relación de mutua comprensión, que se vai estreitando ó longo días nos que están xuntos. Cada un pode aprender algo do outro.

LA VILLE EST TRANQUILLE

Francia/2001/132 min
Dirección: Robert Guédiguian
Reparto: Ariane Ascaride, Jean-Pierre Darroussin, Gérard Meylan, Jacques Boudet

É a historia de Michèle, obreira dunha lonxa de pescado que non vive máis que para salvar á súa filla da droga; de Paul, que traíza ós seus compañeiros estibadores en folga para converterse en taxista; de Vivianne, profesora de música que non soporta máis a dereita realista que representa o seu marido; de Abderramane, transformado pola súa estancia en prisión, que intenta axudar os seus irmáns; de Gérard, para o que todo o referente á morte, a súa e a dos demais, é un misterio; dos pais de Paul, xubilados, que no votarán xa nunca máis; de Ameline, cuxo corpo representa a saúde que le gustaría insuflar ó pobo recordándolle os seus orixes pre-monoteístas; de Sarkis, que loita polo piano de cola polo que soña. Historias singulares, envurulos, que se desenvolven no mesmo tempo e no mesmo espazo, Marsella, no ano 2000.



CIDADÁS

CINECIDADADE

ciclo de cine do 6 ó 9 de outubro 2009

Organiza: Delegación de Santiago
do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

organiza



colabora

FUNDACION CAIXA GALICIA



tripomant

NEOR, S.A. EMPRESA CONSTRUCTORA



MARTES 6

20.00 h **Persépolis.** (Animación).
Marjane Satrapi e Vincent Paronnaud

22.00 h **En la ciudad de Sylvia.**
José Luis Guerín

MÉRCORES 7

20.00 h **L'extraordinaire destin de madame Brouette.**
Moussa Sene Absa

22.00 h **Lost in translation.**
Sofia Coppola

XÓVES 8

21.00 h **Paraíso Travel.**
Simon Brand

VENRES 9

21.00 h **La ville est tranquille.**
Robert Guédiguian

Aula de Cultura de Caixa Galicia. Carrera do Conde nº 18. Santiago
Entrada gratuíta

Todas as proxeccións son en V.O. subtitulada.